



Financiado por
la Unión Europea

IES Sanxillao
Rda das Fontiñas, 171
27002 Lugo
☎ 982828088
email: ies.sanxillao@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/ies-sanxillao



NOVO PROXECTO 2024-26

Informamos aos interesados que, como cada curso, o IES Sanxillao solicitará financiamento para levar a cabo os proxectos ERASMUS de educación Superior (K131 e K171, este último se é posible). Esta solicitude farase no presente curso con datas inda sen determinar.

Poden participar alumnos dos ciclos superiores, e os seus profesores, así como persoal non docente. Tamén alumnos como RECIEN TITULADOS, dentro dos 12 primeiros meses dende que acaban os seus estudos.

Para o K131, e tras facer unha sondaxe entre os alumnos para ver cantos están interesados nesta convocatoria solicítanse 4 prazas para os ciclos superiores de FP, para que o alumnado poida facer a FCT no estranxeiro, e dúas prazas para profesores en job-shadowing ou observación nunha empresa do estranxeiro durante 5 días. Os profesores anunciarán a súa intención de participar para o próximo curso 2022-23 mediante unha carta de compromiso entregada á dirección antes do 22 de decembro.

Para o K171, solicitaranse unha ou varias prazas para profesores en job-shadowing ou observación nunha escola de hostalería do estranxeiro nos países fóra de Europa segundo se indica na convocatoria deste programa. Cada profesor redactará o seu propio proxecto segundo a orde da convocatoria e buscará a escola na que quere realizar as prácticas. No caso de que algún alumno manifeste a súa intención de participar, tamén faremos a solicitude.

O IES SANXILLAO participa no programa de mobilidades Erasmus+ KA103 ou KA131 e KA171 dende 2012, o que permite aos alumnos dos **CICLOS de FORMACIÓN PROFESIONAL de GRADO SUPERIOR**, poder realizar prácticas (Formación en Centros de Traballo) durante o 2º curso en empresas de fóra A duración das prácticas será a mesma que a de os alumnos que as realizan no noso país. Tamén se pode realizar a estadía Erasmus durante o primeiro curso, no verán ou ata despois dun ano dende que o alumno se titule. Neste caso non será validada a FCT.

OBXECTIVOS:

O obxectivo principal do programa Erasmus + é facilitar que os alumnos de Formación Profesional de Grado Superior completen a súa formación académica con actividades produtivas propias do mundo laboral ó que pertence a súa familia profesional, realizando as súas prácticas en empresas reais do sector no ámbito europeo.

Asegurar deste xeito, a inmersión lingüística e cultural do alumno.

Proporcionar a posibilidade de vivir una experiencia única e enriquecedora que axude a conseguir a madurez do alumno.

A mobilidade do profesorado terá como finalidade favorecer a boa práctica docente e a mellora da calidade na ensinanza para o alumnado. Así mesmo, favorecerá a creación de acordos de cooperación entre Institucións e con empresas europeas coa finalidade de potenciar a mobilidade dos nosos alumnos e desta forma completar a súa formación laboral e cultural.